



RESOLUCIÓN do 16 de Setembro de 2025, pola que se notifican as resolucións da Presidenta do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) relativas á asignación complementaria de dereitos de axuda básica á renda para a sostibilidade da reserva nacional da campaña 2024 e dos casos pendentes das campañas 2023 e a denegación das solicitudes de dereitos de axuda básica á renda para a sostibilidade pendentes da campaña 2023.

Para os efectos de establecer en Galicia o procedemento de solicitude para a asignación de dereitos de axuda básica á renda para a sostibilidade da reserva nacional da campaña 2024, no marco establecido polo Real decreto 1045/2022, do 27 de decembro, sobre dereitos de axuda básica á renda para a sostibilidade da Política Agraria Común, publicouse a Orde da Consellería do Medio Rural do 27 de febreiro de 2024 pola que se regula a aplicación dos pagos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

O Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), en base ao disposto nos artigos 20 a 29 do Real decreto 1045/2022, tramitou e informou sobre as solicitudes de acceso á reserva nacional, dando traslado dos expedientes á persoa titular da presidencia do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) para a súa resolución.

De acordo co disposto no artigo 28.1 de devandito Real decreto 1045/2022, a persoa titular da presidencia do FEGA comunicou ao FOGGA para a súa notificación ás persoas solicitantes, a resolución sobre a asignación de solicitudes de dereitos de axuda básica á renda para a sostibilidade da reserva nacional.

Así mesmo, tras a análise das diferentes casuísticas na asignación de dereitos non resoltas ata a data, notifícanse as resolucións de asignación de dereitos da reserva nacional pendentes das campañas reguladas nas Ordes da Consellería do Medio Rural do 15 de marzo de 2023 pola que se regula a aplicación dos pagos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema Integrado de xestión e control.

Conforme co anterior, esta Dirección

RESOLVE:

Primeiro. Facer pública e notificar nos seguintes anexos as resolucións da Presidenta do FEGA relativas á asignación complementaria de dereitos de axuda básica á renda para a sostibilidade da reserva nacional da campaña 2024 e os casos pendentes das campañas 2023 e a denegación das solicitudes de dereitos de axuda básica á renda para a sostibilidade pendentes da campaña 2023.

Segundo. Contra a resolución da persoa titular da presidencia do FEGA, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación desta notificación no Diario Oficial de Galicia.

Juan José Cerviño Varela

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria





ANEXO I

Relación de persoas beneficiarias e importes concedidos polo FEGA

CAMPAÑA 2024

CIF/NIF	APELIDOS, NOME / RAZÓN SOCIAL	TIPO/CASO	Nº DEREITOS ASIGNADOS	IMPORTE CONCEDIDO (€)
J27477207	CASA DA CORTE SC	320B	4,66	871,69
J32506768	GANADERÍA COTADO SC	330B	14,27	1.663,33
J56294671	GANADERIA NUVEIRA SC	320B	4,00	951,43
J56422785	GANADERÍA VEITO SC	320B	13,57	1.934,71
***6009**	IBAN AGUIAR LORENZO	320A	7,25	1.128,33
***8127**	MARIA SALADINA MIDON TORRES	330B	1,06	243,80
***1148**	PEDRO MIGUEL SILVA DE OLIVEIRA	320A	17,71	2.499,88
J27489590	RICO CENDAN S.C	330B	0,78	619,54
***2714**	ROCÍO SÁNCHEZ ALBITE	330B	0,59	150,04
***1060**	VANESA CASDELO PENA	320B	8,87	1.220,16

CAMPAÑA 2023

CIF/NIF	APELIDOS, NOME / RAZÓN SOCIAL	TIPO/CASO	Nº DEREITOS ASIGNADOS	IMPORTE CONCEDIDO (€)
***6066**	VELOSO MARTINEZ UXIA	320B	63,13	6.696,11
***1760**	CABRERA LOPEZ ELADIO	320A	49,00	5.951,04





ANEXO II

Relación de beneficiarios con solicitud de reserva nacional denegada

CAMPAÑA 2023

CIF/NIF	APELLIDOS, NOMBRE / RAZÓN SOCIAL	TIPO/CASO	INCIDENCIA
***6884**	CASARES RAMOS JOSE	330B	000030
***3550**	CUADRADO OURAL JOSE	330A	000026
***8982**	DE SOUSA OLIVEIRA JENILSA	330B	000011,000012,000013
***2426**	DEZA ULLOA LIDIA	330A	000026
***5324**	DOMINGUEZ MOSQUERA ALVARO	330A	000026
J09844721	EXPLOTACION VEIGA CACHENA SC	320B	000004
***0369**	FERNANDEZ ANDION Mª JOSE	330A	000026
***9146**	FREIRE GONZALEZ MARIA JOSE	330A	000026
***4217**	GANDYO IGLESIAS ANTONIO IVÁN	330A	000026
***1838**	GARCIA ALVAREDO ISABEL	330B	000030
***1972**	GARCÍA PALLA TANIA	320A	000018
***4280**	GARCIA VAZQUEZ MARIA ISABEL	330A	000026
***9270**	GONZALEZ BERMUDEZ JESUS MANUEL	330A	000026
***1218**	JOSE RAMON GONZALEZ RODRIGUEZ	330A	000026
***1576**	MOSQUERA SANCHEZ Mª JOSE	330A	000026
***6274**	QUIROGA POZO ANA ISABEL	330A	000026
***1081**	SOTO RODRIGUEZ TANIA	330B	000011,000012,000013
***8757**	SOUTO PENA M ISABEL	330A	000026
***6869**	VAZQUEZ TABOADA JAVIER	330A	000026
***2349**	VERDES GONZÁLEZ ANDRÉS	330B	000011,000012,000013



ANEXO III

TIPOS E CASOS ASOCIADOS Á RESOLUCIÓN

TIPOS DE SOLICITUDES	DESCRIPCIÓN CASO	CASO
Agricultores que acceden á reserva nacional para o caso dos agricultores que comezan a súa actividade agrícola	Novo Agricultor	320A
Agricultores que acceden á reserva nacional para o caso de agricultores mozos	Novo Agricultor	320B
	Novo Agricultor (Fases)	320C
Agricultores en desvantaxe que sexan responsables de explotación, con hectáreas subvencionables á axuda básica á renda para a sostibilidade, que exercendo a actividade agraria dende 2015, non teñan participado nunca do sistema de dereitos de pago básico	Agricultores en desvantaxe	330A
Agricultores responsables de explotación que participen en programas de reestruturación, cuxo obxectivo sexa evitar o abandono de terras, no marco dunha intervención pública mediante unha norma autonómica con rango de lei	Agricultores acollidos a programas de reestruturación	330B





ANEXO IV

MOTIVOS DENEGACIÓN

INCIDENCIA	DESCRIPCIÓN
000004	Art.22.1.b) do Real Decreto 1045/2022, do 27 de decembro: Non está incorporado nin exerce como responsable da explotación en prazo de campaña de reserva nacional.
000011	Art.22.1.f) do Real Decreto 1045/2022, do 27 de decembro: O solicitante, a fin de prazo de modificación da solicitude única, non acredita un mínimo de 150 horas lectivas en cursos ou seminarios de capacitación agraria recoñecidos pola autoridade competente, así como titulacións oficiais equivalentes, recoñecidas pola autoridade competente.
000012	Art.22.1.f) do Real Decreto 1045/2022, do 27 de decembro: O solicitante, a fin de prazo de modificación da solicitude única, non dispón dunha resolución favorable de concesión da axuda ao establecemento de novos agricultores no ámbito do desenvolvemento rural.
000013	Art.22.1.f) do Real Decreto 1045/2022, do 27 de decembro: O solicitante, a fin de prazo de modificación da solicitude única, non acredita a súa instalación nunha explotación prioritaria nos termos definidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de Modernización das Explotacións Agrarias, coa correspondente certificación dos rexistros existentes.
000018	Mozos e Novos agricultores - Art.23.3 do Real Decreto 1045/2022, do 27 de decembro: O solicitante recibiu dereitos en anteriores asignacións de dereitos de pago básico da reserva nacional.
000026	Agricultores en Desvantaxe - Art.24.2.b) do Real Decreto 1045/2022, do 27 de decembro: Non está incorporado e exerceu a actividade agraria de forma ininterrompida como responsable de explotación desde polo menos 2015, como titular de explotación ou cotitular.
000030	Agricultores, responsables de explotación, que participen en programas de reestruturación - Art.25.2.c) do Real Decreto 1045/2022, do 27 de decembro: A superficie subvencionable libre de dereitos a efectos da asignación de reserva nacional non está acollida a un programa de reestruturación. (Denegación total)
000034	Art. 12 do Real Decreto 1048/2022, do 27 de decembro e Anexo I do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro: Creou artificialmente as condicións para cumprir os requisitos esixidos a nivel de solicitante. (Denegación total).
000035	Art. 12 do Real Decreto 1048/2022, do 27 de decembro e Anexo I do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro: Creou artificialmente as condicións para cumprir os requisitos esixidos a nivel de recintos. (Denegación parcial)
905106	Beneficiario con solicitude de Reserva Nacional con asignación previa de importes por Reserva Nacional (campañas 2015 - 2022). Solicitudes 320A e 320B
905107	Beneficiario con solicitude de Reserva Nacional con asignación de dereitos de Pago Básico (campañas 2015 - 2022). Solicitudes 330A

